

Por que xa non nos sorprenden os asasinatos?

Por que xa non nos sorprenden as violacións?

Por que esquecemos que os nosos dereitos rematan onde comezan os dos demais?

Como resposta a estas preguntas, preséntovos as tres Leis da Dinámica de Isaac Newton.

E pensaredes... Por que estou a contar as leis de Newton no día de hoxe, 25 de novembro, **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller**? E isto unha clase de Física? A física non ten nada que ver coas violacións, asasinatos e humillacións. Ou si?

Imos coas leis.

Empezamos coa Primeira Lei. A Lei da Inercia, segundo a cal, todo corpo en repouso tende a manter ese estado de movemento, a non ser que outros corpos actúen sobre el.

A que nos soa? Non gardará un certo parecido coa sociedade actual...? O noso obxectivo é encaixar no grupo esteamos, ou non, de acordo. E se o grupo actúa, nós, por inercia, imos detrás.

Así de manipulables. Así de irracionais.

Por inercia, sometémonos a tradicións e crenzas erróneas.

Por inercia, sometémonos ás xerarquías de poder.

Por inercia, buscamos exculpar aos responsables nos casos de violación ou asasinato: "Ía provocando", "Ía pedíndoo así vestida" ou "esas non eran horas de andar por aí".

Por inercia, xustificamos o inxustificable.

E por covardía, deixámonos levar.

Chegamos á Segunda Lei, o Principio Fundamental da Dinámica. Newton expresa que a aceleración que adquire un corpo é directamente proporcional á forza que se lle aplica. Polo tanto, ao aumentar a forza, incrementa a aceleración.

E agora a terceira lei de Newton. Vexámolas xuntas cun exemplo.

É falar de feminismo e xa te están etiquetando como radical ou "feminazi". Cóntannos que xa temos igualdade de dereitos e oportunidades, e que o único que buscamos é estar por riba dos homes.

Física pura. Acción-reacción. Terceira lei de Newton denominada Principio de Acción e Reacción: cando un corpo exerce unha forza sobre outro, este exerce sobre o primeiro unha forza igual e de sentido oposto.

A igualdade non vai diso. A igualdade entre vós (rapaces, pais, homes, compañeiros, noivos, amigos) e nós (rapazas, mulleres, compañeiras, nais, noivas, amigas) non é unha lei da Física.

Isto tal vez nos faga pensar no que parece que ocorre nos últimos anos. Algo que se vai incrementando. Canto máis avanza a muller en canto a dereitos ou oportunidades, maior parece o retroceso da sociedade con respecto aos mesmos.

Un mal endémico, atávico: O MEDO

É coma se houbera un temor xeralizado a que vós, os homes, perdédeses o voso posto ou papel na xerarquía social.

A igualdade non vai diso.

E mentras, nós, as mulleres, seguimos tamén a ter medo. Medo a camiñar pola rúa soas, medo a chegar tarde ás nosas casa. Vós a que tedes medo?

Un mal endémico, atávico: O MEDO

A igualdade non vai diso. Nisto imos xuntos. Nisto somos iguais: no medo.

Ese mal endémico é usado polos partidos políticos. Ese medo irracional, o voso e o noso, alimenta discursos de odio contra todo aquel que supoña unha ameaza para un sistema de poder que xa está obsoleto.

Isto non é un xogo político. Isto non é unha cuestión de Dinámica. Os seres humanos non nos reducimos a leis da Física.

Isto é ir na contra dos Dereitos Humanos, que non dependen das crenzas, tradicións ou ideoloxía de cada un. Nin tampouco da Física. Son universais, e como tal, deberíamos esixir que se respecten. Temos dereitos e liberdades, temos deberes e obrigas que cumprir. Vós e nós. Vós (rapaces, pais, homes, compañeiros, noivos, amigos) e nós (rapazas, mulleres, compañeiras, nais, noivas, amigas). Porque nun futuro, a que sofre esta violencia pode ser unha amiga, unha nai, unha filla ou alguén da familia. E que lle diredes, que esa dor non é tal? Qué é imposible que sofra por un problema causado por unha desigualdade que para vós non existe? Que iso é o que pasa por ser muller? Non.

Reformulemos as leis. Respectémolas.

Primeira lei. Deixemos de ser inertes.

Segunda lei. Sumemos forzas e actuemos como os seres humanos racionais que somos.

Terceira lei. Actuemos na mesma dirección. Vexamos como é a reacción.

A igualdade si vai disto. As forzas suman e non restan. Xuntos somos máis fortes, non nos deixemos fragmentar. Avancemos máis alá dos dogmatismos e estereotipos que nos asfixian. Polas que xa non están e polas que seguen connosco.

Nin unha máis. Nin un menos. Xuntos. Vós e nós.